

HISTORIA DA AUGA.

O FÍO AZUL QUE NOS UNE

A auga é como un fío azul que sempre estivo aquí. Xunto á auga naceron as principais civilizacións da humanidade. Cada pobo buscou a mellor maneira de aproveitala, protexela e controlala ata o que hoxe chamamos a xestión do ciclo integral da auga. Queres saber máis?



EUROPA – REVOLUCIÓN INDUSTRIAL (SÉCULO XIX)

Creáronse os primeiros sistemas de **sumidoiros subterráneos**. Comezaron os **controis de calidade**.



CIVILIZACIÓNS PRECOLOMBINAS (SÉCULO X ATA 1492)

Os maias aproveitaron a auga da choiva con depósitos subterráneos chamados **chultúns**. Os incas crearon **terrazas agrícolas** para xestionar a auga da choiva e cultivar en montaña. Os aztecas aproveitaron os seus pantanos para cultivar en illas flotantes chamadas **chinampas**.



AL-ÁNDALUS (711 ATA 1492)

Melloraron o almacenamento ante posibles secas mediante **pozas, alxibes e cisternas públicas**. Converteron a auga nun arte en **patios, xardíns e mesquitas**.



IMPERIO ROMANO (27 A.C. ATA O ANO 476)

Construíron enormes **acuedutos** para conducir a auga ás cidades. Crearon **termas e baños públicos**.


ANTIGO EXIPTO (3000 A.C. ATA O 30 A.C.)

Inventaron o **nilómetro** para medir o nivel da auga e predicir inundacións. Construíron **diques e azudes**: barreiras para controlar e conducir a auga do Nilo.



GRECIA ANTIGA (1200 A.C. ATA O 30 A.C.)

Crearon fontes públicas. Construíron **cisternas e depósitos** subterráneos para almacenar auga ante posibles secas.



AQUALIAEDUCA.COM

 **aqualia**

A túa compañía da auga